



ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DO ALUMNADO AO CONSELLO ESCOLAR

CONVOCATORIA

De acordo coa RESOLUCIÓN do 10 DE SETEMBRO DE 2024, da Dirección xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG do 18 de setembro de 2024), a XUNTA ELECTORAL deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE ALUMNOS/AS**, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto no artigo 41 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro (DOG do 21), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a UN (1) ALUMNOS/AS dun total de tres que debe ter o Consello Escolar. Os outros representantes do alumnado continúan como consecuencia da súa elección anterior no ano 2022.
- 2.- Son electores todos os alumnos/as matriculados/as no Centro no actual curso 2024/25 en Educación Secundaria Obrigatoria e incluídos no Censo correspondente que a partir do día da data está exposto no taboleiro de anuncios. As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, dende o 30 de outubro de ata o día 8 de novembro ás 13:00h.
- 3.- Son elixibles os alumnos/as que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do Centro. As candidaturas poderán ser presentadas dende o 30 de outubro ata o 8 de novembro ás 13:00 horas.
- 4.-O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público, entre o alumnado que non se presenten como candidatos, o día 11 de novembro, ás 11:50 horas. Dita mesa electoral estará composta pola Directora do Centro, que actuará como Presidenta, e dous alumnos ou alumnas actuando de secretario/a o de menor idade.
- 5.- A campaña electoral comprenderá dende o 11 ao 19 de novembro, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos, previa petición ao presidente da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo. O día 20 de novembro, véspera das votacións, non se poderá facer campaña electoral.
- 6.- Poderán actuar como supervisores da votación os alumnos e alumnas que sexan propostos por cada unha das asociacións de alumnos/as do centro ou avalados pola sinatura de dez electores.
- 7.- As **votacións** realizaranse neste Centro Público Integrado o día (xoves) **21 de novembro, de 11:50 a 12:30** horas. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 11:30 horas.
- 8.- Na papeleta de votación cada elector fará constar **UN** nome dos candidatos presentados, debendo acreditar a súa personalidade a hora de votar. O voto será directo, secreto e non delegable e non se admitirá o voto por correo.
- 9.- Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.
- 10.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Fene, 30 de outubro de 2024

A PRESIDENTA DA XUNTA ELECTORAL

M^a Isabel Hermida Rodríguez